
Nova actualización de CSD (Cambridge Structural Database)

- Actualizado (21.08.2006)

O pasado día 21 do presente mes, instalouse a actualización de agosto do 2006 da base de datos do CSD, contendo 7.856 novas estruturas, o que supón un total de 388.720 entradas na base de datos.

A Cambridge Structural Database é unha base de datos que recolle información bibliográfica, química e cristalográfica de compostos orgánicos e organometálicos obtida mediante difracción de raios X e difracción de neutróns.

Usuarios habituais: Químicos inorgánicos, orgánicos e teóricos.

Usuarios potenciais: Químicos e físicos, que traballen en síntese ou caracterización de estruturas moleculares e necesiten comparar con estruturas identificadas en bibliografía.

Información adicional: visite <http://www.ccdc.cam.ac.uk/products/csd>

Máquina de acceso: csd.cesga.es

GUIA DE USO:

A completa guía de uso así como información adicional sobre este software pódese atopar na páxina oficial do cesga (<http://www.cesga.es>) baixo computación -> Aplicacións -> Bases de Datos Científicas -> CSD ou directamente na seguinte URL http://www.cesga.es/php/mais_info_es.php?id=48

Se se quere coñecer o contido da nova actualización, no programa ConQuest (comando cq), selecciónense as opcións View Databases -> Entries in CSD version 5.27 ou View Databases ->Entries in CSD > version 5.27 updates. Hai que lembrar que a base de datos Cambridge Structural Database (CSD) está instalada nunha máquina dedicada, polo que se se precisa acceder a esta base de datos e non se ten aínda acceso, deberá solicitarse aos nosos técnicos.

Ante algún problema co programa ou a actualización, non dubide en pórse en contacto connosco a través de , indicando no asunto "Erro en CSD".